



En **Proxecto ARGA** entendemos a *rehabilitación* como a recuperación ou *readquisición* dun inmovible nacido noutro contexto, que se atopaba temporalmente abandonado ou privado da súa funcionalidade, e que satisfai as necesidades da sociedade contemporánea mediante a súa *reutilización* a través dun novo uso.

Partindo deste concepto, coa finalidade de dar certa homoxeneidade ao conxunto da páxina web e para unha mellor comprensión da mesma, partimos duns datos base, os cales entendemos que poderían ser ampliados, completados ou modificados. Lembremos que o obxectivo principal de **Proxecto ARGA** é divulgar a arquitectura rehabilitada galega á maior cantidade posible de usuarios.

DATOS:

- NOME DO INMOBLE
- DIRECCIÓN
- USO ANTERIOR DO INMOBLE

Tamén se indicará o tipo de protección que tiña/ten o inmoble, se é o caso.

- HISTORIA DO INMOBLE

Texto que describa a historia do inmoble dende a súa construción ata a súa rehabilitación.

- MEMORIA DO PROXECTO

Ademais do nome do proxecto de rehabilitación e do seu ano de redacción, aportarase unha parte ou a totalidade da memoria descritiva de devandito proxecto, onde o autor ou autores expliquen a intención da intervención, a idea xeradora da actuación. É necesario citar a fonte do mesmo –o proxecto orixinal ou unha bibliografía específica–.

- PROMOTOR(ES)
- ARQUITECTO(S)
- ANO DE INAUGURACIÓN
- PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

- PLANIMETRÍAS

Planimetrías do estado actual e do proxecto con escala gráfica, preferiblemente da planta baixa ou de acceso. Se hai unha planta que explique mellor o proxecto ou resulte máis didáctica para a comprensión dos espazos ou da intervención pódese optar polo envío desta.

- IMAXES

Un conxunto total de dez imaxes que recollan tódalas etapas da intervención: fotografías do inmovible antes do cambio de uso, bosquejos da idea, imaxes durante as obras e fotografías actuais. Entendemos –e comprendemos– que non sempre é posible aportar imaxes de tódolos estadios.

Cada imaxe debe ir acompañada dunha pequena descrición, así como do nome do seu autor e da data en que foi tomada.

A dimensión das imaxes debe ser de 1024x724 píxeles – independentemente da súa orientación–, cunha resolución de 150 ppp.

- BIBLIOGRAFÍA

Preferiblemente bibliografía específica da rehabilitación: aquelas publicacións nas que apareza recollido o proxecto e a intervención.

Grazas por colaborar con **Proxecto ARGA**.